

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

2742 *ORDE APA/235/2007, do 7 de febreiro, pola que se establece un prazo de presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea para o período 2006/2007. («BOE» 35, do 9-2-2007.)*

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, é a norma pola que se rexen as cesións temporais de cota láctea entre produtores.

O artigo 46.1 deste real decreto dispón que o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá para cada período, mediante orde, o prazo de presentación das solicitudes de autorización das cesións temporais pactadas entre produtores cedentes e produtores adquirentes ou cesionarios.

A potestade de permitir ou manter vetada a realización de cesións temporais, prevista no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, é un instrumento eficaz para fortalecer os mecanismos de reestruturación do sector produtor lácteo.

A Orde APA/2194/2006, do 6 de xullo, pola que se establece o prazo de presentación das solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea no período 2006/2007, cumpriu o seu obxectivo de servir para facilitar a adopción de decisións sobre orientación produtiva das explotacións e desconxestionar a presión pola cota.

Nestes momentos, próximos á finalización do período, procede, igual que se realizou no período anterior, volver abrir un novo prazo para a realización de cesións temporais, dirixido esta vez a cumprir co cometido específico deste mecanismo, que é o de dar flexibilidade ao sistema de xestión da cota e da taxa láctea, en especial, nos últimos meses do período, para equilibrar os sobrantes de cota duns cos déficit doutros.

De acordo con isto, esta orde establece, para o período 2006/2007, a apertura dun novo prazo ata o 10 de marzo de 2007 para a presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais.

As cesións que se autoricen estarán suxeitas ás condicións e limitacións establecidas no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, e darán dereito aos cesionarios a utilizar durante o período en curso a cantidade individual de referencia obxecto da cesión.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Novo prazo para a presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais durante o período 2006/2007.*

Poderanse presentar solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea para o presente período de taxa 2006/2007, desde a entrada en vigor desta orde ata o día 10 de marzo de 2007.

Artigo 2. *Datos mínimos das solicitudes.*

As solicitudes incluirán, como mínimo, os datos e declaracións que figuran no anexo IX do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión da cota láctea.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de febreiro de 2007.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

2825 *REAL DECRETO 188/2007, do 9 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos, modificado polo Real decreto 338/2005, do 1 de abril. («BOE» 36, do 10-2-2007.)*

O desenvolvemento regulamentario da figura da habilitación que se recolle nos artigos 56 e seguintes da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, foi levado a cabo mediante o Real decreto 774/2002, do 26 de xullo.

As sucesivas convocatorias levadas a cabo tras a entrada en vigor desta norma revelaron a existencia de numerosas disfuncións que aconsellaron acometer unha revisión de determinados aspectos do procedemento para a posta en práctica da figura da habilitación, o que motivou a modificación que da citada norma se levou a cabo mediante o Real decreto 338/2005, do 1 de abril.

Porén e aínda cando tal modificación posibilitou unha máis áxil e eficaz materialización da habilitación, a experiencia acumulada polas universidades puxo de manifesto a innecesaria vinculación que se establece no artigo 14.1 da citada norma, entre a data de publicación da resolución da convocatoria das probas de habilitación e a da convocatoria por parte da universidade dos concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios.

En efecto, o desenvolvemento do procedemento de habilitación comeza coa comunicación, por parte das universidades, con anterioridade ao día 10 de maio de cada ano, á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, das prazas que serán provistas mediante concurso de acceso entre habilitados.

Posteriormente e dentro dos 30 días seguintes á recepción das sinaladas comunicacións, a secretaria xeral do citado órgano eleva a consideración e informe da Comisión Académica a convocatoria das probas de habilitación, de modo que dentro dos 15 días seguintes á emisión do citado informe se remite ao «Boletín Oficial del Estado», para a súa publicación, a resolución de convocatoria destas probas.

Pola súa parte, os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios poden ser convocados pola universidade sempre e cando as prazas de que se trate fosen comunicadas á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria na forma e no prazo que se sinalou.

A nova redacción dada ao artigo 14.1 que se leva a cabo nesta norma elimina o requisito que ata o de agora viña rexendo, segundo o cal os concursos de acceso non podían ser publicados ata que transcorresen 15 días desde a publicación da resolución de convocatoria das probas de habilitación, pois aínda cando se trata de pro-

cedementos independentes, a citada vinculación dificultaba que os concursos se puidesen desenvolver coa necesaria funcionalidade e eficiencia.

Eliminado tal requisito, ao tempo que se asegura a comunicación da información necesaria á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria por parte das universidades, facilítase que estas pola súa vez poidan desenvolver os seus concursos de acceso con maior axilidade e eficiencia.

Este real decreto recibiu o informe do Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2007,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Modificación do artigo 14.1 do Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos.*

O punto 1 do artigo 14 do Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos, queda redactado do seguinte modo:

«1. Os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios poderán ser convocados pola universidade, sempre e cando as prazas de que se trate fosen comunicadas á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria para os efectos previstos no capítulo II do presente real decreto. Os mencionados concursos serán publicados no «Boletín Oficial del Estado» e no da Comunidade Autónoma.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a e 30.^a da Constitución española e en uso da autorización outorgada ao Goberno pola disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, el 9 de febrero de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

2826 *REAL DECRETO 189/2007, do 9 de febreiro, polo que se modifican determinadas disposicións do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao. («BOE» 36, do 10-2-2007.)*

O Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, outorga ás universidades a responsabilidade para definir

e desenvolver as súas estratexias e organización dos programas oficiais de posgrao conducentes á obtención dos títulos oficiais de master e doutor.

De acordo coa redacción dada ao artigo 5.2 do citado real decreto, na modificación introducida polo Real decreto 1509/2005, do 16 de decembro, a Comunidade Autónoma, a quen corresponde autorizar a implantación dos programas oficiais de posgrao, deberá informar, unha vez acordada a citada autorización, o Consello de Coordinación Universitaria antes do 15 de febreiro de cada ano respecto aos programas de posgrao de nova implantación para o curso académico seguinte.

Porén, a experiencia adquirida neste primeiro ano de implantación puxo de manifesto a dificultade para cumprir co prazo para informar o Consello de Coordinación Universitaria, que resulta insuficiente tendo en conta o rigoroso proceso interno que require a aprobación e elaboración, tanto por parte das universidades como das comunidades autónomas, dos programas de posgrao. A modificación do citado prazo que se leva a cabo na presente norma facilitará ás universidades e ás comunidades autónomas a adecuada planificación e desenvolvemento das súas estratexias, para efectos de optimizar a oferta dos programas de posgrao previstos para o seguinte curso académico.

Por outro lado, a normativa de aplicación ás novas ensinanzas de posgrao establece que a súa implantación progresiva require a extinción, tamén progresiva, dos programas de doutoramento que estean en vigor na universidade de que se trate, de modo que a disposición transitoria segunda do Real decreto 56/2005 anteriormente citado prevé que o comezo do citado proceso de extinción teña lugar antes do 1 de outubro de 2007.

De acordo co anterior non cabería a posibilidade de que en outubro de 2007 se iniciasen novos programas de doutoramento rexidos pola normativa anterior. Tamén aquí a experiencia ten mostrado a insuficiencia do prazo previsto, polo que co fin de que a implantación dos novos programas se poida producir ao ritmo desexable e coas máximas garantías de calidade, a presente norma modifica a disposición anterior e prevé a extinción dos anteriores programas de doutoramento coa implantación dos novos estudos de doutoramento e establecendo unha nova data límite, tras a finalización do curso académico 2008-2009, para o comezo do citado proceso de extinción, con obxecto de lles facilitar ás universidades o adecuado desenvolvemento das súas estratexias no proceso de implantación dos novos estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior.

O Consello de Coordinación Universitaria emitirá informe sobre o proxecto de real decreto.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2007,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao.*

O Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 2 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«2. Do acordado no parágrafo anterior, as comunidades autónomas informarán o Consello de